



A GUERRA DAS LINGUAS

Mariña

Anoa

Xiana

Lupe

Poldo

Quino

Comisario Antón Pechote

Oficial Roi Morales

Ano 2630. Caixas en escena. Traxes negros axustados e lentes futuristas. Fume

Sae a primeira personaxe. Trae unha cadeira e dispónse a tomar a luz do luar, saca crema, bótaa e déitase. Cantaruxa unha canción estraña.

MARIÑA: *(Bota a crema e déitase. Fai un xesto de facer unha pantalla no ar, coma un libro, e fai que le mirando ao ar. Soa un asubío, ela incomódase e debuxa outra pantalla no ar)*

Ta, ta, ta, ta, ta, le, le le, le... Que queres, mamá? Si, estou no areal. Claro. Non, soa non, veñen agora os



intercolegas, si, Anoa e Xiana. Poldo tamén, claro. Si, botei protección lunar, si. Hoxe non hai lúa chea así que non creo que me queime. Mamá, ás 26 horas collo o transbordador, si. Estarei para tomar a pastilla da cea, si. Mira... chao!

Anoa e Xiana entran.

ANOA: Ei, Mariña que tal? Déixasnos toalla sintética? Trouxen caramelos de goma, rapazas! Osiños, plátano, corazón, nubes e pan! Pan, tía!

MARIÑA: Anoa! Esas comidas están prohibidas hai moitos anos! De onde as sacaches?

ANOA: Atopeinas nun bote da adega espacial de hai 80 anos. Aínda non entendo por que as prohibiron, están superboas!

MARIÑA: Di meu pai que desde que se ocultou o sol a brigada galáctica prohibiu un montón de costumes, pero non se sabe por que.

ANOA: Eu xa estou farta das prohibicións! Calquera día marcho a Marte. Din que están a facer unhas festas alí que "flipas"! Tocan instrumentos e cantan!

MARIÑA: En serio??? Tocan e cantan?

ANOA: E bailan, tía! Bailan!

Entra Xiana asustada e berrando.

XIANA: Rapazas! Parecedes parvas aí deitadas tan tranquilas!



MARIÑA: Que pasa? Ei! E o teu casco? Viñeches pola Vía láctea sen el, tía? Primeiro: de onde ves?

XIANA: Que máis ten iso! Véñovos avisar. Poldo e Quino están a pelexar. Sacaron o láser. Non pinta ben. Puiden velos pola pantalla interdimensional.

ANOA: Pero onde? Onde?

XIANA: Na terceira fase.

MARIÑA: O que?? Pero que diaños fan na terceira fase? Esa estación está pechada desde o ano 2023! Seica en 1350 pasaron cousas moi escuras alí e decidiron pechala ás viaxes e ao turismo.

ANOA: Si, non sei chegar nin eu, como moito chego a Ganímedes.

XIANA: Bo, mirade, se queredes seguir aquí a broncearvos, seguides. Eu vou tentar desconectar o sistema e chegar mentalmente á terceira fase.

MARIÑA: Vale, tía, pero eu díxenlle á miña nai que estaría para tomar a pastilla da cea.

XIANA: Pero aínda vos reunides para tomar a pastilla? Vale, veña. Imos. Unide as mans. Anoa, deixa iso que logo volvemos recoller.

ANOA: Se vén a brigada igual vos leva todo e logo temos que ir ao depósito da cidade maior! Deus! Vanme matar!

XIANA: Veña! Unide as mans. Ruído a tope!!!! Pensade na terceira fase.



Apáganse as luces. Comezan a soar as caixas metálicas, mentres din "Terceira fase!". De súpeto, aparecen noutro lugar. Fume. E caen coma do ceo! En escena están Poldo e Quino no chan, con luces nas mans. Asústanse cando caen enriba as rapazas berrando.

POLDO: Pero que diaños! Pero rapazas, que facedes aquí! Bro, Quino, xa o papexaches todo?

QUINO: Estades tolas ou que? Vai chegar a brigada lunar. Queredes que vos leven a Mercurio?

MARIÑA: Non, perdoa, que facedes vós aquí, de que vai isto? Estades tolos ou moi grave ten que ser isto para que teñades o láser na man. Está prohibido para menores, é perigoso, desta vez pasástesvos. Veña, recollede que temos a estación aberta, marchamos.

POLDO: Fora! Liscade! Non vos decatades de nada. Atopei a caixa! A caixa das linguas! E este parvo cagón quérea pechar. E as prohibicións...

QUINO: Cala! Cala xa! Ninguén sabe o que pode traer esa caixa, son lendas antigas sobre as prohibicións. Déixao todo como está!

POLDO: Iso dirá teu pai, un dos descendentes prohibidores.

QUINO: E ben orgulloso que estou! Ah claro, esquecía que os teus antepasados foron os perdedores... (*Bótase enriba del tentando taparlle a boca e pelexan*).



Soa unha sirena fortemente e entre fume aparecen dous policías do escuadrón galáctico, o fanfurriñeiro comisario Pechote e o tímido oficial en prácticas Roi Morales.

COMISARIO ANTÓN: Vaia, vaia, que temos aquí! Nenos xogando a perderse? Hahahaha! Pois estades perdidos e ben perdidos! Todos ao chan! Mans atrás! Imos ver. (*Abre unha ventá no ar*) que temos aquí? Oficial!

OFICIAL ROI: Si, señor! Diga. Eu non creo que fixesen mal ningún estes rapaces...

COMISARIO: Cala, miñoca. Quen che preguntou? Saca a pantalla! Identifique Morales! Identifique!

OFICIAL ROI: Ah, si, iso si. A ver. Agarde, comisario Pechote (*Fai varias veces o xesto pero non lle vai*).

XIANA: (*Para as demais*) Ostrás! É o estúpido comisario galáctico Pechote. Desta non saímos. (*Chora moi asustada*)

COMISARIO: Man dereita, oficial! Man dereita! E non me chame polo apelido... Morales.

OFICIAL: Ah, certo. A ver. (*Faino outra vez e xa lle vai*). Aquí temos. O individuo número un é Quino Álvarez de Soutomaior e o individuo segundo é Poldo de Trastámara... Eses apelidos non son os...?

COMISARIO: Cale. Quen lle preguntou. Vaia, vaia, e as mozas?

MARIÑA: Señor, acabamos de chegar, pódeo comprobar.

OFICIAL: Si, a moza di a verdade. Pono aquí tamén. (*Mirando para o ar*)



COMISARIO: Cale e fale cando se lle pregunte. Aprenda, home! Aprenda! Imos seguir. Saben vostedes que esta estación está pechada ao público. Se non recordo mal desde...

OFICIAL: Desde os séculos XIV e XV, señor.

COMISARIO: Cale. Quen lle preguntou? Desde os séculos XIV e XV. Saben vostedes cal é o castigo por entrar en estacións temporais pechadas?? (*Berra*) E nesta estación en concreto! O castigo son tres anos en Mercurio!

OFICIAL: Son dous señor..., nada, nada.

COMISARIO: Cale e imos ver o que estaban a facer aquí. Oficial, poña o retroceso temporal para dar conta dos feitos e abrir dilixencias, que igual lle caen sete anos a estes paxaros!

O oficial pon a pantalla no ar. Queda todo escuro e aparecen Poldo e Quino nun descampado.

POLDO: É por aquí! (*Mira uns papeis*) Xusto aquí. Que che dixen!

QUINO: Case non se len estes papeis. Onde os atopaches?

POLDO: Meu pai garda de todo, pero hai un caixón onde nunca quere que entremos, pois aí. (*Rí*) Agora quero saber por que.

QUINO: Aquí pon: En 1350 a galaxia actual Galaequia, chamada antes Galicia, vive unha terrible época, sufrimento. Comeza a guerra das linguas. A gran prohibición. Todo está na caixa.



POLDO: A gran prohibición! Como está a pasar agora?

QUINO: Si, agora case todo está prohibido. É mellor, así vívese ben. Hai orde, di miña avoa.

POLDO: Todo na caixa? Que caixa?

QUINO: Traes a mochila sideral?

POLDO: Si. Saca a pa. É aquí. Aquí está o símbolo de Henrique II. Na miña esfera di que é xusto aquí.

Quino fai o aceno de sacar algo dunha mochila. De súpeto, ten na man unha pa. Quino escava.

QUINO: O que ti digas. Quen é Henrique II?

POLDO: Ímolo saber agora.

*Empezan a soar as **caixas metálicas**. Sacan unha caixa. Fume. Quino abre a caixa entre un rebumbio terrible e aparece **LUPE**. Lupe é un androide con forma de muller, programado con información.*

OFICIAL: Señor! Van abrir a caixa? A caixa? Eu marchoo...

COMISARIO: Morales! Vostede queda aquí. Bótelle collóns! Como dixo no xuramento da academia interestelar. Collóns, Morales! Grandes como os meus! *(Sinala e toca as súas partes dun xeito maleducado e groseiro)*

OFICIAL: Pero abrir esa caixa trae moi mala...

COMISARIO: Abra pantalla. Collóns, Morales. Pola patria isabelina!



Pola Galaxia! (*Exaxeradamente "patriótico"*).

MARIÑA: (A *Xiana e Anoa*) Eu teño medo.

XIANA: A caixa só é unha lenda!

ANOA: Nada de lenda! Eu escoiteille falar a meu pai, foron épocas terribles as pasadas, había tanta revolta, mortes, asasinatos..., que tiveron que poñer as prohibicións, e hanse repetir se alguén abre de novo a caixa.

MARIÑA: Que merda de caixa? Eu non creo en nada diso. Teño medo da miña nai... cando volva á cápsula mañá.

COMISARIO: Silencio! Prosiga, Morales. Temos que saber o que pasou.

O Oficial abre pantalla no ar de novo e volve aparecer a escena onde a deixaron, entre fume, e soando as caixas con rebumbio: as rapazas tiradas no chan coas mans esposadas, o oficial e o comisario e Antón e Quino que representan a escena seguinte.

LUPE: Apertura da caixa temporal ZXYHIP546932. Retorno temporal ao terrible ano 1350. O reino de Galicia perde a importancia que tivera e vive un momento moi inestable, a peste negra! A xente pasa fame, hai miseria, pobreza e destrución.

QUINO: A ver, xente. Bro, para, para. Este cacharro pode cambiar o tempo se lle dás para atrás.



POLDO: Diso nada! Ti andas escaso de collóns tamén, podes marchar con ese!

QUINO: Voute..., voute... *(Fai que pelexan)*

POLDO: Es un covarde! Sabes o que alí pasou, a profecía dixo...

O oficial Morales tenta saír da escena cagadiño.

XIANA: Ei! O Morales marcha!

MARIÑA: E eu tamén. Xa non podo máis.

ANOA: Parade xa!

Saca unha espada láser e dálle uns toques no chan. Todos berran!

COMISARIO: Prosiga. A próxima vez apunto mellor. *(Díllelo a todos moi serio, continua a escena, volve a pantalla)*

LUPE: Desaparecidos. Desaparecidos. Desaparecidos. Desaparecidos nobreza galega. Os nobres de Castela veñen! Atrás! Atrás! *(Son de caixas, fume e rebumbio)* Xa están aquí. Hai loitas, dous bandos, Pedro I e Henrique II, perde Pedro e perde o galego. Gaña o castelán. Prohibicións! Prohibicións! Pelexas, dous bandos. Xoana a Beltranexa e Isabel a Católica. Gaña Isabel e gaña o castelán. Perde o galego. Mortes. Cortan cabezas. Prohibido o galego. Prohibicións! Lenda negra. Séculos escuros. Prohibicións. Todo en castelán. Só castelán. Morte ao galego. Prohibicións. Século XV. Profecía.



QUINO: Pero... Poldo, isto non me gusta, chegamos demasiado lonxe, eu xa non quería vir á terceira fase e menos abrir a caixa. Está prohibido, tío! Marcho.

POLDO: Pero non te decatás? Por que ninguén vén aquí? Por que non falan da caixa? Estámolo descubriendo todo! Todo está aquí.

QUINO: Mira ese androide, bro! Iso é un fake! Iso é unha trampa.

POLDO: Non. A caixa abriuse por primeira vez, Quino. A profecía...

QUINO: A profecía di que se pode cambiar a prohibición só con que unha persoa o desexe diante da caixa.

POLDO: Entón, bro, amigo...

QUINO: Non.

POLDO: Pero como???? Non podemos facer nada! Retirárono todo! Comida, risas, xuntanzas, deportes, ninguén sae da primeira dimensión! E só o goberno dos Isabelos sabe por que, e... non podemos falar máis de 50 palabras en galego ao día!!! Négame a falar máis o isabelino. En min xa non manda ninguén! Vou falar na lingua dos meus devanceiros, a eles prohibíronllelo, a min non!

QUINO: Chámase así.

POLDO: Así que?

QUINO: Orde.

POLDO: Que dis tío?



QUINO: Orde fronte ao caos. Así di meu pai. E así debe ser. A galaxia está en perigo. Só existe unha orde e é a isabelina.

POLDO: Veña, ho! Que dis? Ah claro... Esquecía que es descendente dos isabel**istos!** Ladróns de Gallaequia! Aproveitados! Traidores!

Pelexan fortemente, soan as caixas, fume e rebumbio.

LUPE: PROFECÍA en proceso de desactivación. Caixa aberta. Próxima estación: Gallaequia 1350, inicio de desactivación das prohibicións. Séculos escuros en regreso. Nobreza galega de volta. Comeza a conta atrás. Desexo en proceso. Petición debe ser feita xa. Desactivación da caixa. Profecía XCJGXXHI987654 preparada para ser executada. Luz solar en proceso, desactivando lúa, activando día, regresando risas, bailes, cantos, costumes galegos, regresando tradicións, activación da terra orixinal. Antepasados de volta. Galego lingua materna, galego lingua propia.

Se a caixa se pecha sen o desexo haberá 1000 anos de prohibicións. Así fixo a maldición Pedro Álvarez de Soutomaior antes de morrer.

Volve o rebumbio e regresan ao presente

COMISARIO: Deixastes a caixa aberta? A caixa?

OFICIAL: A caixa? Eu voume...

COMISARIO: Morales! A orde mundial está en perigo! Peche a caixa! É unha orde!



POLDO: NON.

QUINO: SI.

POLDO: Rapazas! Xuntade as mans comigo, veña! Agora! Xa! Desexade a fin da guerra das linguas! Que volva a liberdade!

ANOA: (*Fóra de si*) Si! Pola liberdade de falar o que queiramos e de facer o que queiramos!

MARIÑA: Tía! Sabes o que estás a dicir? Isto é moi gordo, tía!

XIANA: Eu estou contigo, Anoa! Pola liberdade!

OFICIAL: Eu tamén Anoa! Pola liber...! (*Mira para o comisario*)

COMISARIO: (*Colléndoo polo pescozo*) Paspán, cagón, queda suspendido do seu cargo, eu só vou parar esta infamia! Só un heroe coma min pode salvar o mundo! Os heroes... (*Queda falando só da súa persoa*)

POLDO: Veña! Xuntade as mans! É o momento!

Nesas, Quino colle a espada, dálle a Poldo e déixao fulminado no chan. As rapazas quedan sen fala, van arredor de Poldo e choran. Quino está asustado primeiro de si mesmo e logo derrotado, cunha profunda tristura, bota as mans á cara e chora sen consolo.

LUPE: *Cinco minutos para a desactivación. Desexo incumplido, volta a séculos escuros en trinta, vinte e nove...*

COMISARIO: Quieto todo o mundo! (*Dispara ao teito e achégase a Poldo*) Non hai dúbida... Está morto. Cadáver.



Vou chamar pola brigada da limpeza para que saque de aquí este lixo. Ata me manchou as botas novas... Agh! Que traballo tan duro. Pero pola galaxia! Pola patria!

OFICIAL: Señor... Era un pobre rapaz... Señor, hai que avisar antes a súa familia!

COMISARIO: A este peixe dexenerado de seguro que nin a familia o bota de menos.

O oficial colle a súa espada láser e acaba batendo nas pernas do comisario e tira con el no chan. Parece outro, cheo de valor.

OFICIAL: Rapaces, a caixa! A min xa me dá igual o que pase, así que xuntade as mans. Desexade rapaces! Desexade a regresión temporal e a fin das prohibicións!

MARIÑA: *(Chorando)* Eu quería que volvесе Poldo... pero iso vai ser imposible.

ANOA: Rapazas, Poldo quería a fin deste mundo, volver ser libres, fagámolo por el!

Xuntan as mans todos, rapaces e oficial, e, de súpeto, rebumbio e fume. Escuridade.

LUPE: Caixa desprogramada. Época actual. Fin das prohibicións. Linguas libres. Persoas libres para escoller a súa propia lingua e o seu futuro. A miña misión remata aquí. Coidade do voso presente para non sufrir nun futuro. XVKODZEWXGIOK99999 regresando á fase planetaria, lunar ser456. Lembraide non repetir os erros do pasado. Foi un pracer.



Faise un silencio. Despois todos celebran coma tolos, pero miran de súpeto para Poldo que está no chan abatido e quedan mudos.

MARIÑA: Non é xusto.

ANOA: Non, isto nunca debeu suceder.

QUINO: Marcho, coa nova orde establecida e a xustiza funcionando outra vez, o máis probable é que me deteñan e me leven a Marte. É o que merezo, nunca quixen entender. Só quería compracer o meu pai. (*Chora*)

Poldo comeza a levantar a man con esforzo... e a emitir sons indiscifrables.

XIANA: Mirade! Poldo! Poldo! Está... está vivo!

Todos van xunto del e o primeiro Quino, que queda abrazado a el.

COMISARIO: Está vivo grazas aos chalecos antiláser que o comisario lles repartiu ás familias!

TODOS: Cala, Pechote!!!! A Mercurio que vas! Pola patria! Hahahaha!

O oficial ri e todos contentos.

Escena final: Todos fan percusión coas caixas.

